

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS NA DOCENCIA DO GRAO UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA BIOMÉDICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo, formalizaron o 4/3/21 o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante catro anos, con posibilidade de prórroga expresa mediante acordo escrito, de conformidade co que dispón a letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Que o instrumento convencional ten por obxecto mellorar a colaboración entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde co obxectivo de garantir o desenvolvemento da docencia e da formación universitarias do grao de Enxeñaría Biomédica que imparte a Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo. Por tal motivo buscan garantir o nivel práctico da docencia nos estudos que a integran, a mellor preparación dos futuros/as profesionais e a busca da súa excelencia para o desenvolvemento das referidas ciencias a favor do benestar social no campo da saúde.

A colaboración estará orientada á formación do alumnado nas materias “Estrutura e patoloxía médica”, “Estrutura e patoloxía médico-cirúrxica”, “Enxeñaría clínica e hospitalaria”, “Fundamentos de tecnoloxía hospitalaria”, “Prácticas de tecnoloxía hospitalaria”. Esta colaboración estenderase aos “Traballos de Fin de Grao” que se realicen total ou parcialmente en colaboración co persoal da Área Sanitaria de Vigo e/ou nas súas instalacións.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

a Organización Mundial da Saúde recoñece que se necesita un maior número de persoas enxeñeiras biomédicas para deseñar, avaliar, regular, manter e xestionar os dispositivos médicos e dar formación sobre o seu uso seguro nos sistemas sanitarios de todo o mundo.

na reunión da comisión Mixta da Universidade de Vigo – Sergas celebrada o día 11 de febreiro de 2021, acordouse no punto 2º da orde do día, ao amparo da especificación quinta 9. g) do Convenio entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde publicado por Orde do 20 de decembro de 2001 (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2001), a tramitación dun Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do Grao Universitario en Enxeñaría Biomédica, como un instrumento xurídico independente do propio convenio.

Así mesmo, acordouse que para as fins do convenio entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, e de conformidade coa especificación cuarta do mesmo, considerase centro asociado ao Hospital Alvaro Cunqueiro dentro da Área Sanitaria de Vigo.”

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, así como a especificidade técnica que requiren as accións a desenvolver, no que ao réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

